

# MARCA PERSOAL E IDENTIDADE DIXITAL. INCIDENCIA SOBRE O EMPREGO

RELATOR: XOSE ALBERTE CEA

DATA: 25/02/2016

RETRANSMISIÓN POR STREAMING: NON



## CAL É O PROGRAMA?

- **Marca persoal e identidade dixital**
- O inicio da identidade profesional na rede: o papel do **correo electrónico**
- Ferramentas para o **posicionamento profesional na rede**
- O **Employer Branding** como estratexia competitiva: o papel da diversidade nun mundo global co coñecemento no centro da actividade económica

## QUEN O IMPARTE?

### Xose Alberte Cea

Xose Alberte Cea Rodríguez leva vinte anos traballando no mercado laboral sempre relacionado coa formación, o desenvolvemento profesional, a promoción de eventos e, en xeral, con todo o que refire ás persoas e ás organizacións. Ten traballado como técnico en distintos proxectos de investigación sobre estes temas, exerce como orientador laboral e conta con experiencias como titor, formador, relator, promotor de eventos de networking e impulsor de proxectos de emprendemento. Desde a difusión das TIC e a popularización de internet, unha gran parte do seu traballo está centrada no impacto que estes cambios están producindo no mercado laboral.

Nos últimos anos a súa habitual actividade de orientación profesional vese acompañada de relatorios e de participacións en seminarios, xornadas e eventos. As súas intervencións céntranse nos cambios no mercado de traballo, nos procesos de busca de emprego, nos procesos de selección de persoas e no desenvolvemento profesional na sociedade dixital. Moi interesado no novo escenario do mercado de traballo que debuxa a economía dixital, trata de contribuír á súa difusión sempre que ten oportunidade.

Organizan:



Colabora:



## ONDE E CANDO?

25 de febreiro de 2016  
17.00 a 20.00 h

Centro Demostrador TIC.  
CNTG, Rúa Airas Nunes, s/n  
Conxo. Santiago de Compostela

## INSCRIPCIÓN

 [cdtic.xunta.es](http://cdtic.xunta.es)

## PARA QUEN?

Dirixido a **responsables e profesionais de RRHH** e, en xeral, a todas as **persoas** que consideren que **o talento**, o saber facer das persoas, é un **elemento clave** na súa actividade profesional ou para a actividade da súa organización.

## POR QUE?

A contorna dixital debuxa un escenario para a actividade económica caracterizado polo valor diferencial do coñecemento, do talento, que non é outra cousa que o coñecemento en acción. Neste escenario dixital e global **as persoas precisan amosar o seu saber facer para o seu desenvolvemento profesional. As organizacións necesitan resultar atractivas para atraer e reter o talento** que marca diferenzas estratéxicas e competitivas.